



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍA E MINAS

Anuncio

Resolución do 13 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba a modificación da declaración de utilidade pública, en concreto, do parque eólico Ourol, situado no concello de Ourol (Lugo), e promovido pola sociedade Greenalia Wind Power Ourol, S.L.U (expediente LU-11/145-EOL).

Examinada a solicitude de Greenalia Wind Power Ourol, S.L.U (en adiante a *promotora*) sobre a modificación da declaración de utilidade pública, en concreto, do proxecto modificado do parque eólico Ourol, constan os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. Mediante Resolución do 20 de decembro de 2010 pola que se aproba a relación de anteproxectos de parques eólicos seleccionados ao abeiro da Orde do 29 de marzo de 2010 para a asignación de 2.325 MW de potencia na modalidade de novos parques eólicos en Galicia (*DOG nº 248, do 28 de decembro*), admitiuse a trámite o parque eólico promovido por Enebro Ourol, S.L.U., cunha potencia de 24 MW.

Segundo. O 28.06.2011, Enebro Ourol, S.L.U. solicitou a autorización administrativa, a aprobación do proxecto de execución e do proxecto sectorial e a declaración, en concreto, de utilidade pública para o parque eólico.

Terceiro. Por Resolución do 11 de xuño de 2012, da xefatura territorial, sometéronse a información pública para autorización administrativa, aprobación do proxecto de execución, declaración de utilidade pública, en concreto, así como inclusión no réxime especial de produción de enerxía eléctrica e aprobación do seu estudo de impacto ambiental e do correspondente proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, as instalacións relativas ao parque eólico.

A dita resolución publicouse no *Diario Oficial de Galicia* do 11.07.2012 e no *Boletín Oficial* da Provincia de Lugo e no xornal *La Voz de Galicia*, ambos do 25.06.2012. Así mesmo, permaneceu exposta ao público nos taboleiros de anuncios da xefatura territorial e do concello afectado (Ourol).

Cuarto. Por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 17 de outubro de 2014 autorizáronse as instalacións, aprobouse o proxecto de execución e declarouse a utilidade pública, en concreto, do parque eólico Ourol, emprazado no concello de Ourol (Lugo) e promovido pola sociedade Enebro Ourol, SLU cunha potencia total de 24 MW, o cal se fixo público por Resolución do 31 de outubro de 2014 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas (*DOG nº 90, do 11.05.2018*).

Quinto. Con data 24.04.2018 autorizouse pola Dirección Xeral de Enerxía e Minas a transmisión de titularidade do parque eólico Ourol a favor de Greenalia Wind Power Ourol S.L.U.

Sexto. Con data 04.05.2018 Greenalia Wind Power Ourol S.L.U. solicitou unha modificación non substancial, aprobación do proxecto sectorial, declaración de especial interese e modificación da declaración de utilidade pública do parque eólico.

Sétimo. O 07.06.2018, o Consello da Xunta declarou de interese especial o parque eólico referido, o que ten como efectos a tramitación de forma prioritaria e con carácter de urxencia e a redución á metade dos prazos necesarios na instrución do procedemento.

Oitavo. Con data 27.11.2018, a promotora presentou unha nova modificación do proxecto do parque eólico, consistente no cambio de modelo de aeroxerador marca Lagerwey (Enercon) L 136 de 4,5 MW de potencia unitaria reducíndose o número de aeroxeradores de oito a cinco polo que a potencia total instalada diminúe desde os 24MW autorizados ata os 22,5 MW, solicitando un novo recoñecemento como non substancial, achegando o 30.11.2018 a correspondente documentación técnica.

Noveno. Mediante Resolución do 28 de Febreiro de 2019, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, se recoñeceu como non substancial a modificación do parque eólico Ourol, emprazado no Concello de Ourol (Lugo), e recollida no apartado anterior.

Décimo. O 23.04.2019 a xefatura territorial informou que as modificacións do parque eólico non afectan a máis dereitos mineiros dos reflectidos nos informes da xefatura territorial xa emitidos nas datas 01.06.2012, 06.08.2012 e 17.07.2018, os cales establecen a caducidade dos dereitos afectados.

Décimo primeiro. Con data 24.04.2019 a promotora achegou a relación de bens e dereitos afectados do proxecto modificado do parque eólico de acordo co recollido na resolución do apartado noveno.

Décimo segundo. Mediante Resolución do 3 de maio de 2019, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, someteuse a información pública a solicitude de modificación da declaración de utilidade pública, en concreto, e a necesidade de urxente ocupación que iso implica, referida ao proxecto modificado do parque eólico Oourol promovido por Greenalia Wind Power Oourol, S.L.U., no Concello de Oourol (Lugo).

A dita resolución publicouse no *Diario Oficial de Galicia* do 16.05.2019, e no xornal *El Progreso* do 16.05.2019 e tamén na páxina web da Consellería de Economía, Emprego e Industria. Así mesmo, permaneceu exposta ao público na Dirección Xeral de Enerxía e Minas, na Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de Lugo e no concello afectado de Oourol que emitiron os correspondentes certificados de exposición pública.

Durante o período en que a devandita solicitude se someteu ao trámite de información pública non se presentaron alegacións.

Décimo terceiro. O 30.05.2019 o Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Lugo informou que o parque eólico afecta ao monte veciñal en man común de "Serra de Loibán, Costa de Cebrán e Pico Raso", e ao convenio que este monte ten asinado coa administración forestal.

Décimo cuarto. Con data 17.07.2019 a promotora achega a Resolución da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal sobre unha ocupación no monte veciñal en man común de "Serra de Loibán, Costa de Cebrán e Pico Raso" mediante a cal se autoriza a ocupación para a instalación do parque eólico Oourol.

Aos antecedentes de feito descritos sonlle de aplicación os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro. A Dirección Xeral de Enerxía e Minas é competente para resolver este procedemento con fundamento no Decreto 135/2017, de 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria e no artigo 44.1 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Segundo. No expediente instruído para o efecto cumpríronse os trámites de procedemento establecidos na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, na Lei 8/2009, do 22 de decembro, modificada pola Lei 4/2014, do 8 de maio e pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e demais normas vixentes de aplicación.

De acordo con todo o que antecede, **RESOLVO**

Primeiro. Modificar a declaración de utilidade pública, en concreto, das instalacións do proxecto do parque eólico Oourol, segundo o previsto nos artigos 54 e 56 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, o que leva implícita a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implica a urxente ocupación aos efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954 (*BOE nº 351, do 17 de decembro*).

Esta resolución publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e no *Boletín Oficial* da provincia de Lugo, de acordo co establecido no artigo 148 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro.

Contra a presente resolución, que non é definitiva en vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2019.- O director xeral de Enerxía e Minas, Ángel Bernardo Tahoces

Anexo. Relación de Bens e Dereitos Afectados polo parque eólico.

FINCA	PARCELA				PROPIETARIO	AFECCIÓNS (m ²)								
	DATOS CATASTRAIS		PARAXE	CULTIVO		NOME	PLENO DOMINIO				SERVI. DE PASO		SERVI. DE VOO	OCUP. TEMP.
	POL	PARC					CIM.	PLAT.	T. MET.	SUB.	VIAL	GABIA		
22	152	209	Fernan Correa	Eucaliptos	Blanco Suárez María Laura					126	33			
23	152	251	Capela	Piñeiral maderable	Suárez Bahamonde María Dolores					113	32			
24	152	194	Capela	Piñeiral maderable	Pardo Pombar Jesús Gonzalo					126	35			
25	152	189	Capela	Piñeiral maderable	Hermida Gómez Cándida					93	2			
26	152	188	Capela	Piñeiral maderable	Pardo Teijeiro Felix					36				
29	152	187	Capela	Piñeiral maderable	Pardo Teijeiro Félix					51	32			
30	152	183	Capela	Piñeiral maderable	Vázquez Martínez Ramon					172	47			
31	152	180	Capela	Piñeiral maderable	Salgueiro Abad Guillermo					221	53			
35	152	164	Capela	Piñeiral maderable	Ramudo Gómez Flora (Herdeiros De)					185	91			
36	152	159	Cabaneiro	Piñeiral maderable	Soto Fraga Plácido					165	95	17		
39	152	165	Capela	Piñeiral maderable	Ramudo Gómez Flora (Herdeiros De)					107				
40	152	158	Cabaneiro	Piñeiral maderable	Soto Fraga Plácido					73		50		
46	152	100	Sobre Cufe	Piñeiral maderable	Prieto Rivera Manuel	155	16					534		
47	152	101	Sobre Cufe	Piñeiral maderable	García Otero Néstor Manuel Gómez García Francisco José Gómez García Avelino	164	11					478		
48	152	103	Sobre Cufe	Piñeiral maderable	Corbelle Díaz María Corbelle Rouco Dalmacio (Herdeiros De) Corbelle Díaz Asuncion Corbelle Díaz José Ramon	228	345					1766		
50	152	107	Sobre Cufe	Piñeiral maderable	Balsa Vázquez José Luis		824			6		823		
51	152	108	Sobre Cufe	Piñeiral maderable	López Permuy Carmen (Herdeiros De) Guerreiro López Guadalupe		609			325		26		
57	152	144	Cabaneiro	Piñeiral maderable	Pardo Pombar Jesús Gonzalo	60	576			2	155	1766		
58	152	143	Cabaneiro	Piñeiral maderable	Rivera González Manuel Francisco Sánchez Rivera María Jesús		20			27	20	75		
59	152	140	Cabaneiro	Piñeiral maderable	García Otero Néstor Manuel Gómez García Francisco José Gómez García Avelino					57	30	14		
62	152	132	Cabaneiro	Matogueira	Pernas Bouza Jesús Ramón						44			
63	152	129	Cabaneiro	Matogueira	Chao Chao José (Herdeiros De)					66	90			
64	152	128	Cabaneiro	Eucaliptos	Prieto Rivera Concepcion					146	82			
65	152	126	Campo das Cancelas	Piñeiral maderable	Prieto Rivera Amador					496	74			
67	152	109	Sobre Cufe	Piñeiral maderable	Prieto Rivera Tomas					465				
68	152	110	Sobre Cufe	Eucaliptos	Fernández Gómez Manuel (Herdeiros De)					291	5			
69	152	111	Sobre Cufe	Matogueira	Miguel Sánchez Ricardo					159	1			
70	152	112	Sobre Cufe	Matogueira	Rivera González Manuel Francisco					401				

FINCA	PARCELA				PROPIETARIO	AFECCIÓNS (m ²)								
	DATOS CATASTRAIS		PARAXE	CULTIVO		NOME	PLENO DOMINIO				SERVI. DE PASO		SERVI. DE VOO	OCUP. TEMP.
	POL	PARC					CIM.	PLAT.	T. MET.	SUB.	VIAL	GABIA		
71	152	113	Sobre Cufe	Matogueira	García Otero Néstor Manuel Gómez García Francisco José Gómez García Avelino						170			
72	152	114	Sobre Cufe	Matogueira	Prieto Rivera José (Herdeiros De)						248			
77	152	121	Campo das Cancelas	Matogueira	Guerreiro Fernández María Vicenta (Herdeiros De)						18	83		
78	152	120	Campo das Cancelas	Matogueira	Prieto Rivera Manuel							95		
79	152	119	Campo das Cancelas	Piñeiral maderable	Rivera González Manuel Francisco Sánchez Vázquez Gilberto							29		
81	152	116	Campo das Cancelas	Piñeiral maderable	Rivera González Manuel Francisco Sánchez Vázquez Gilberto						121	347		
82	156	249	Campo das Cancelas	Eucaliptos	Miguel Sánchez Ricardo						31	98		
83	156	250	Campo das Cancelas	Eucaliptos	Miguel Sánchez Ricardo						82			
100	155	17	Rego de Ramos	Piñeiral maderable	Moreiras Sánchez María José							12		
118	156	100	Teixoeiras	Matogueira	Hermida Vázquez Juan Antonio Candido								2358	
119	156	101	Teixoeiras	Piñeiral maderable	Carrera Pardo Margarita								1077	
122	156	104	Teixoeiras	Piñeiral maderable	Vizoso Fernández María Coral	564	1192					238	3352	
123	156	105	Teixoeiras	Piñeiral maderable	Pardo Vázquez María Camelia		721				24	58	970	
128	155	228	Rego de Ramos	Eucaliptos	Vázquez Vázquez María Olga Vázquez Vázquez Yolanda Vázquez Vázquez María Oliva						125	165		
134	155	234	Cruz	Piñeiral maderable	Viñas Gómez Arturo (Herdeiros De)						2			
135	155	235	Cruz	Eucaliptos	Descoñecido						13			
136	155	236	Cruz	Eucaliptos	Rodríguez Hermida María Mercedes Olanda						17			
137	155	237	Cruz	Eucaliptos	Viñas Gómez Arturo (Herdeiros De)							65		
140	155	238	Prado do Pico	Matogueira	Descoñecido						11	49	937	
141	155	241	Pico Grande	Piñeiral maderable	Pernas Fernández Purificación						6	54	1356	
143	155	245	Pico Pequeno	Piñeiral maderable	Cuba Gómez Francisco Maderas Cuba SL	26	200				20	58	770	
148	156	124	Potobella	Matogueira	Rodríguez Rodríguez Haydee Fernández Rodríguez Nefer Eugenia (Herdeiros De) Fernández Rodríguez Ananda								532	
149	156	125	Potobella	Piñeiral maderable	Rey Balseiro Carlos						17		1582	
156	155	252	Prado da Fonte	Matogueira	Gómez Lagar Elida		621					51	66	
157	155	256	Pico Pequeno	Matogueira	Lagar Chao Rogelio		364					79		

FINCA	PARCELA				PROPIETARIO			AFECCIÓNS (m ²)					
	DATOS CATASTRAIS		PARAXE	CULTIVO	NOME	PLENO DOMINIO				SERVI. DE PASO		SERVI. DE VOO	OCUP. TEMP.
	POL	PARC				CIM.	PLAT.	T. MET.	SUB.	VIAL	GABIA		
163	156	119	Potobella	Piñeiral maderable		Rodríguez Rodríguez Haydee Fernández Rodríguez Nefer Eugenia (Herdeiros De) Fernández Rodríguez Ananda					77		
169	155	274	Chao	Eucaliptos	Orosa Pita Ricardo (Herdeiros De)				1587	42			
174	155	275	Chao	Piñeiral maderable	Franco Insua José Antonio				1843				
177	155	280	Penela	Eucaliptos	Orosa Pita Ricardo (Herdeiros De)				840	30	103		
178	155	281	Penela	Matogueira	Canda Pardo Ana María Pardo Pedre María Dolores (Herdeiros De)					27	53		
179	155	282	Penela	Robledal	Pita Chao María Antonia					53	32		
183	156	137	Prado de Milleiro	Matogueira	Guerreiro Chao Ovidio Guerreiro Chao Margarita					14			
189	161	154	Campo Capilla	Matogueira	Descoñecido					336	50		
199	161	135	Cason	Matogueira	Descoñecido					220			
200	161	173	Pico do Golpe	Eucaliptos	Orosa Pita Ricardo (Herdeiros de)					147			
205	161	137	Sobre do Camiño	Matogueira	Descoñecido					42			
211	161	178	Pico do Golpe	Matogueira	Orosa Pita Ricardo (Herdeiros De)					176	45	1749	
232	161	54	Coto da Cruz	Matogueira	Descoñecido					288			
246	185	20	Chao da Pena	Prado	Penabad Vázquez Francisco (Herdeiros De)					11			
247	185	21	Chao da Pena	Matogueira	Arias Sampedro Dolores					9			
257	185	38	Por Lopez	Matogueira	Castro Rouco Leonor (Herdeiros De)					44			
259	184	7	Por Lopez	Matogueira/ Pinar	Franco Castelo Dulce María					25			
261	184	62	Tarreo Medio	Prado	Castro Rouco Leonor (Herdeiros De)					268			204
262	184	63	Tarreo Medio	Labor	Maseda Prieto Celia					243			86
263	184	66	Campo	Labor	Balsa López Ramon (Herdeiros De)					317			216
264	184	64	Tarreo Medio	Labor	García Barro Dolores (Herdeiros De)					129			213

R. 2857

CONCELLOS A FONSAGRADA

Anuncio

DECRETO DE ALCALDÍA NÚM. /2019

Considerando que corresponde aos Tenentes de Alcalde, en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, ao Alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións, así como desempeñar as funcións do Alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo Alcalde.

Considerando que o Sr. Alcalde atopárase ausente do Municipio durante 8 días. Por todo iso, en virtude do disposto nos artigos 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de acordo cos artigos 44 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro,

RESOLVO

PRIMEIRO. Delegar en D. José Ángel Fernández Carrín, Primeiro Tenente de Alcalde, a totalidade das funcións da Alcaldía, nos termos do artigo 23.3 Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, durante o período de 8 días, dende o día 23 de setembro de 2019 ao día 30 de setembro de 2019.

SEGUNDO. A delegación comprende as facultades de dirección e de xestión, así como a de resolver os procedementos administrativos oportunos mediante a adopción de actos administrativos que afecten a terceiros.

TERCEIRO. O órgano delegado ha de informar a esta Alcaldía, a posteriori, e, en todo caso, cando se lle requira para iso, da xestión realizada e das disposicións ditadas no período de referencia, e con carácter previo daquelas decisións de transcendencia, tal e como se prevé na o artigo 115 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

CUARTO. A delegación conferida no presente Decreto requirirá para a súa eficacia a aceptación do órgano delegado, entendéndose esta outorgada tacitamente se non se formula ante esta Alcaldía expresa manifestación de non aceptación da delegación no termo de tres días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que lle sexa notificada esta resolución.

QUINTO. A presente resolución será publicada no Boletín Oficial da Provincia, dándose conta do seu contido ao Pleno da Corporación na primeira sesión que esta celebre.

SEXTO. No non previsto expresamente nesta resolución aplicaranse directamente as previsións da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en canto ás regras que para a delegación establécense en devanditas normas.

Mándao e asina o Sr. Alcalde, D. Carlos López López, en A Fonsagrada, a 19 de setembro de 2019, do que, como Secretaria accidental, dou fe.

O Alcalde, D. Carlos López López, Ante min, A Secretaria accidental, Dna. Olga Landeira Burgué.

A Fonsagrada, 19 de setembro de 2019.- O Alcalde, Carlos López López.

R. 2838

GUITIRIZ*Anuncio*

Información pública do proxecto de concesión demanial da Casa Barxa para cafetería e outros usos socioculturais. Expte 815/2019.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 18/09/2019 aprobouse inicialmente o proxecto de concesión demanial da Casa Barxa para destinalo a cafetería e outros usos socioculturais, someténdose a información pública durante un prazo de 30 días dende a publicación do correspondente anuncio no BOP de Lugo para que poidan presentarse alegacións ou suxerencias polos interesados.

O proxecto estará a disposición dos interesados na páxina web municipal (www.concellodeguitiriz.com) e na sede electrónica municipal (<http://guitiriz.sedelectronica.gal>).

Guitiriz, 19 de setembro de 2019.- A alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 2839

O INCIO*Anuncio*

En cumprimento de canto dispón o artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas, expónse ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2018, por un prazo de quince días, durante os cales e oito máis, quen se estimen interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes.

O Incio, 25 de setembro de 2019.- O ALCALDE, Hector M. Corujo González.

R. 2878

LOURENZÁ*Anuncio***EXPOSICIÓN O PÚBLICO**

Por Resolución de Alcaldía de data o día 01 de Agosto de 2019, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (P.A.I.)correspondente o mes de Setembro de 2019 por importe de Mil trescentos cincuenta e seis euros con cincuenta e oito céntimos (1.356,58).

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días , contador a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública , non se formulan ningunha reclamación.

Así mesmo , e de conformidade con artigo 253.1 da citada lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcadesa-Presidente , no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro , en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos , de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 3 de setembro de 2019.- A Alcadesa, Rocío López García.

R. 2840

LUGO*Anuncio***DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS**

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 4 de setembro de 2019, adoptou entre outros o acordo 14/547 delegar as competencias, na Concelleira Delegada da área de gobernanza: Economía e Recursos Humanos, para a resolución de todos os actos de trámite e resolutivos do expediente da contratación da subministración (adquisición) de 130 ordenadores persoais para a renovación dalgúns postos de traballo do concello de Lugo. Expdte ref: 2018-103.

Por todo o cal e con base no sinalado no artigo 9 da Lei 40/15 do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público expónse ó público no Boletín Oficial da Provincia para xeral coñecemento.

Lugo, 19 de setembro de 2019.- TENENTA DE ALCALDESA, ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO.

R. 2841

MONTERROSO*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de 18/09/19, aprobáronse os Padróns Tributarios das taxas pola prestación do servizo de augas, sumidoiro e depuración, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondentes ao 3º trimestre do exercicio 2019, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario desde o día 1 de outubro de 2019 ao 22 de novembro de 2019.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a éste, poderase formular recurso de reposición ante este órgano, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Monterroso, 18 de setembro de 2019.- O alcalde, Antonio E. Gato Soengas.

R. 2842

NAVIA DE SUARNA

Anuncio

CONVOCATORIA PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN PEÓN CONDUTOR E UN PEÓN DE OBRAS E SERVIZOS A CONTRATAR POLO CONCELLO DE NAVIA DE SUARNA AO ABEIRO DO PROGRAMA "FOMENTO DO EMPREGO 2019" DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Bolsa PEÓN CONDUTOR

Nº POSTOS: 1

CARÁCTER DOS CONTRATOS: Laboral temporal, na modalidade de obra ou servizo determinado.

DURACIÓN: Ata fin dos traballos, sen que poida exceder de NOVE MESES.

Bolsa PEÓN DE OBRAS E SERVIZOS

Nº POSTOS: 1

CARÁCTER DO CONTRATO: Laboral temporal, na modalidade de eventual por circunstancias da produción.

DURACIÓN: SEIS MESES, sen que en ningún caso poida exceder dese prazo

Lugar e prazo de presentación de solicitudes: As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Navia de Suarna ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. No caso de presentarse a solicitude en rexistro distinto ao do Concello de Navia de Suarna deberá adianterse por e-mail copia da instancia dentro do prazo de presentación das solicitudes (concello.naviadesuarna@eidolocal.es). As solicitudes dirixiranse ó Sr. Alcalde, no prazo de **cinco (5) días hábiles** contados dende a publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Sistema de selección: Concurso-oposición, segundo o establecido nas bases que se poden consultar no taboleiro municipal de anuncios do Concello de Navia de Suarna, na sede electrónica e na páxina web da Deputación de Lugo.

Bolsa: Co fin de de asegurar a cobertura destes postos, caso de que se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados ou calquera outra circunstancia antes da formalización do contrato e tamén para cubrir as baixas que se produzan durante o período de duración destas contratacións.

Navia de Suarna, 25 de setembro de 2019.- O Alcalde, José Fernández Fernández.

R. 2867

TRABADA

Anuncio

INFORMACION PÚBLICA

Por Resolución da Alcaldía, en data 18 de setembro de 2019 aprobouse o padrón de VADOS do exercicio de 2019.

O que se fai público a fin de que durante o prazo de cobro en período voluntario que abranguerá dende o 1 de outubro ao 1 de decembro, os interesados poidan examinar os expedientes e presentar reclamacións. Esta

exposición servirá de notificación colectiva a tódolos contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 103 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Trabada, 18 de setembro de 2019.- A Alcaldesa, Mayra Garcia Bermúdez.

R. 2843

O VALADOURO

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA DA CONTA XERAL

En cumprimento de canto dispón o artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e una vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas, exponse ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2018, por un prazo de quince días, durante os cales e oito máis quen se estimen interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes.

O Valadouro, 23 de setembro de 2019. O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 2850

XERMADE

Anuncio

Aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos núm. 2019/SC/01.

Tendo sido definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o expediente de crédito extraordinario 2019/SC/01, por importe de 87.994,92 euros, por acordo adoptado en sesión celebrada o 8 de agosto de 2019, e polo transcurso do prazo de 15 días de exposición ao público sen que se presentaran alegacións, en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, publícase o resumo de dito orzamento a nivel de capítulos, unha vez efectuadas as oportunas modificacións, quedando como se detalla:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	CONSIGNACIÓN ANTERIOR	CONSIGNACIÓN DEFINITIVA
	A) OPERACIÓNS CORRENTES		
1	Gastos de persoal	476.022,48	555.857,17
2	Gastos en bens correntes e servicios	1.278.101,84	1.286.262,07
3	Gastos financeiros	800,00	800,00
4	Transferencias correntes	60.436,35	60.436,35
5	Fondo de Continxencia	0,00	0,00
	B) OPERACIÓNS DE CAPITAL		
6	Investimentos reais	607.246,80	607.246,80
7	Transferencias de capital	0,00	0,00
TOTAL GASTOS		2.423.507,47	2.511.502,39

O que asino en Xermade, 19 de setembro de 2019.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 2844

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIÓN (BDNS) – MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

BASES PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS ECONÓMICAS A DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DO CONCELLO DE MONFORTE TEMPORADA 2018 - 2019

BDNS (Identif.): 473884

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria da que se pode consultar o texto completo na BDNS.

Primeiro. Beneficiarios:

Poderán beneficiarse desta convocatoria os/as deportistas que cumplan os seguintes requisitos:

1. Que estean empadroados/as no Concello de Monforte de Lemos dentro do prazo de presentación de solicitudes e, como mínimo, dende o 1 de outubro de 2018.
2. Estar federados nalgunha das federacións deportivas galegas ou españolas no período para o que se solicita a axuda, é dicir, entre o 1 de outubro de 2018 e o 30 de setembro de 2019, e que como mínimo participaran no Campionato de España, Campionato de Europa ou Campionato do Mundo propio da modalidade deportiva.
3. Ter participado, como mínimo, en tres probas ou campionatos de carácter oficial, dos cales un deles ten que ser o Campionato de España, Campionato de Europa ou Campionato do Mundo propio da modalidade deportiva.
4. Estar ó corrente nas obrigas tributarias coa Facenda estatal e autonómica, así como estar ó corrente das obrigas coa Seguridade Social e co Concello de Monforte.
5. Que non estean incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas e non estar incurso/as nalgunha das prohibicións para percibir subvencións recollidas na lei.

Segundo. Obxecto:

O obxecto das presentes bases é regular o procedemento mediante concorrencia competitiva, de axudas económicas a deportistas individuais do Concello de Monforte de Lemos que, como mínimo, teñan participado no Campionato de España, Campionato de Europa ou Campionato do Mundo propio da modalidade deportiva durante o período obxecto da presente convocatoria.

Terceiro. Bases reguladoras:

As bases reguladoras publícanse na páxina web do Concello de Monforte e na BDNS.

Cuarto. Contía:

5.000,00 €

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes:

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles contados dende o día seguinte á publicación das bases da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

MONFORTE DE LEMOS, 19 DE SETEMBRO DE 2019.- O ALCALDE, JOSÉ TOMÉ ROCA.

R. 2846